

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos deputados **Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz, Juan Manuel Fajardo Recouso** e da deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, para a derogación da disposición adicional décima á Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras e a súa integración social.

### Exposición de motivos

A vulneración dos dereitos humanos mediante o exercicio dunha sorte de racismo frío señoorea os contidos das diferentes normas aprobadas polo PP en materia de dereitos e liberdades das persoas estranxeiras no reino de España e ten un dos seus fitos exercrables na aprobación dunha disposición final na coñecida socialmente como lei mordaza (formalmente denominada como lei orgánica 4/2015 do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá), que contempla no seu apartado primeiro un réxime de excepción para as cidades de Ceuta e Melilla polo cal – e que como reza a xa en vigor disposición adicional décima da lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro:

“Os estranxeiros que sexan detectados na liña fronteiriza da demarcación territorial de Ceuta e Melilla mentras tentan superar os elementos de contención fronteirizos para cruzar irregularmente a fronteira poderán ser rexeitados a fin de impedir a súa entrada ilegal en España”.

O Defensor do Pobo, o Consello Xeral da Avogacía, as diversas asociacións de xuíces e fiscais, o Consello de Europa, o Alto Comisionado das Nacións Unidas para as persoas refuxiadas, o Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas, e un largo etcétera de entidades e persoas manifestaron o seu rexeitamento a unha norma que viola os dereitos humanos. Esta disposición introducida de socate polo PP no trámite parlamentario supuxo unha clara violación da Constitución, do dereito comunitario e das obrigas internacionais en materia de dereitos humanos, especialmente no que se

refire ao exercicio do dereito de asilo e a protección subsidiaria, a prohibición das expulsións colectivas, o principio de non devolución e os dereitos de protección do menor.

A pura violencia racista deste Estado maniféstase na devolución de xeito anónimo, sen documentación, sen trámite de ningunha especie, de seres humanos que o arriscaron todo e que todo o poden perder, incluso a vida, con esa devolución en quente – vale dicir, sen dereito algún - a Marrocos contravindo as normativas internacionais de dereitos humanos. Aínda en novembro pasado, o Comisario Europeo de dereitos humanos do Consello de Europa rexistrou unha declaración diante da Corte Europea de Dereitos Humanos na que ratifica que o reino de España vulnera o dereito de asilo das persoas migrantes na fronteira de Melilla ao devolvelos a Marrocos sen identificar tras saltar a valo fronteirizo. Nesta comunicación afirma que esas expulsións sumarias afectan de forma específica á poboación subsahariana á marxe de calquera procedemento reglado de expulsión, sen identificación previa e sen avaliación individual da súa situación; tal procedemento priva a estas persoas da posibilidade de recorrer a súa devolución e mesmo de denunciar calquera maltrato que se lles inflixa neste proceso e impídelles de xeito efectivo demandar o dereito de asilo.

Sen dereitos nunha terra dun Estado que se reputa democrático e que polo tanto tería que ser de acollida. Sen dereitos malia a que España recibe un número moi menor de solicitudes de asilo: o propio comisario europeo lembra que para 2014 España recibiu 5.200 solicitudes de asilo. Sen dereitos sofre este colectivo a onda de violencia que impera en parte do territorio do Estado e para un colectivo concreto que nada ten.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a dirixirse ao goberno central para instar a derogación da disposición adicional décima da lei orgánica 4/200, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

En Compostela, a 8 de febreiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso



Asdo. Ramón Vázquez Díaz

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 08/02/2016 13:39:40**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 08/02/2016 13:39:47**

**Eva Solla Fernández na data 08/02/2016 13:39:49**

**Ramón Vázquez Díaz na data 08/02/2016 13:39:53**

**Anton Sánchez García na data 08/02/2016 13:39:57**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 08/02/2016 13:39:59**